

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE DECEMBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 27 de novembro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación para centro xestor de vehículos ao final da súa vida útil e de licenza de obras para ampliación, reformas e acondicionamento de nave existente con licenza de obra 184 bis/92, na rúa da Industria, parcela 33.

Acórdase declarar extempráneo o recurso de reposición presentado contra o decreto do delegado da área de urbanismo e medio ambiente número 13009226, do 1 de outubro de 2013, de denegación da licenza de instalación e apertura que solicitou para a actividade de aparcadoiro de uso público para 288 prazas na rúa Ánxel Fole, número 11.

Tamén se acorda conceder a licenza municipal de instalación e apertura dun taller de reparación de vehículos automóbiles nas ramas de mecánica, electricidade e electrónica, carrozaría e pneumáticos, na rúa dos Canteiros, parcela 21, subparcela A.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a legalización de modificación interior de vivenda de planta baixa, ampliando esta coa ocupación parcial dun patio interior, no edificio sito na rúa Río Eume, número 30; para reforzos metálicos puntuais na estrutura de madeira do edificio sito na rúa Montevideo, número 10 e para a construción de vivenda unifamiliar na área de expansión con ordenación predeterminada do núcleo rural 36-3, O Cabalo-Taboelle, Parroquia de Orbazai.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13extractoxg60

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-12-2013

Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra a resolución adoptada por decreto de alcaldía número 13009168, para rehabilitación de edificio, sito na rúa San Marcos, número 23, con licenza de obra número 514/00.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realización de horas extraordinarias por persoal do Servizo de Enxeñería e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición do Colexio de Enxeñeiros de Caminos, Canles e Portos de Galicia contra o acordo da Xunta de Goberno Local 13/620 de 14 de agosto na contratación da realización de estudos e propostas técnicas sobre a praza de abastos, a redacción dun proxecto de obra, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da praza de abastos, cun 80% de cofinanciamento da unión europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR4002 urban Praza de Abastos e proxecto 13UR7001 urban auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras 264/2009, outorgada para construír un edificio na rúa Santo Graal, 78.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dun tótem publicitario na rúa da industria e rúa da Agricultura, parcela 111-112, subparcela P1.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para a instalación de estación base de telefonía na parcela 301, polígono 63, do Polígono Industrial do Ceao.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal de Estatística e a aprobación da forma de compensación.

- Acórdase a resolución de expediente de segunda imposición de penalidades por incumprimento do prazo total de execución da obra dende o 1 de maio de 2013 ata a finalización do prazo de ampliación o 13 de setembro de 2013 na contratación das obras de rehabilitación da Ponte Vella de Lugo.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.